



Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa os ruidos nocturnos que non permiten o descanso dos veciños.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contaminación acústica é un elemento moi importante da degradación na calidade de vida dos nosos cidadáns, e por iso é obriga das administración, poñer todas as medidas o seu alcance para poder paliar os seus efectos. O noso municipio, non é alleo a este problema, sobre todo as noites do venres e o sábado debido o ocio.

Desde o comezo da lexislatura as queixas veciñais debido os ruídos en certas partes do municipio non para de crecer sen que o equipo de goberno tome medidas que permitan a conciliación do dereito o descanso, pero tamén ao ocio.

Debido a inacción do equipo de goberno de Nós Pobra ante as queixas veciñais, presentamos unha moción no pleno de outubro de 2016, instando o equipo de goberno a tomar medidas para a solución desta problemática, comezando por realizar medicións periódicas para coñecer o alcance do problema.

O igual que outras moitas mocións o largo da lexislatura esta foi ignorada polo equipo de goberno, sen embargo, o importante para nos, e poder dar solución a este problema, e por iso en Xaneiro de 2017 presentamos outra moción, na cal o equipo de goberno asegurou ter feito medicións sonoras, pero nada mais se soubo desde aquela.

Fai poucas fechas coñecemos por parte de veciños/as que sofren esta problemática, que o equipo de goberno nada fixo, senón ignoralos, o igual que a defensora do Pobo.

En definitiva durante a lexislatura a unica medida tomada polo equipo de goberno ante a problemática da contaminación acústica foi ignorar a todos aqueles que se queixaron, sendo os veciños/as os que tiveron que soportar os gastos das medicións acústicas.

A Pobra do Caramiñal

Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

2

1. O equipo de goberno de Nós Pobra no prazo máximo de dúas semanas, porá en coñecemento da oposición as medidas tomadas acabo contra esta problemática, así coma un informe das medicións sonoras feitas desde outubro de 2016, fecha da solicitude das mesmas.
2. Instar o equipo de goberno a respostar os veciños/as, e tomar as medidas necesarias para a conciliación do ocio e do descanso.
3. Reprobar o equipo de goberno, por ignorar de forma reiterada as peticións dos veciños/as, da oposición (dificultando así a súa labor de fiscalización), e da propia defensora do Pobo.

Pobra a 11 de Febreiro de 2018


Manuel M^a Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL